

# **REPENSAR GALICIA**

## **AS IRMANDADES DA FALA**

EDITAN

Justo Beramendi

Uxío-Breogán Diéguez

Carme Fernández Pérez-Sanjulián

M<sup>a</sup> Pilar García Negro

Xosé Manuel González Reboredo

Xunta de Galicia

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Museo do Pobo Galego

2017

*REPENSAR GALICIA: AS IRMANDADES DA FALA*

EDICIÓN E COORDINACIÓN:

Justo Beramendi

Uxío-Breogán Diéguez

Carme Fernández Pérez-Sanjulián

M<sup>a</sup> Pilar García Negro

Xosé Manuel González Reboledo

EDITADO POR:

Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Museo do Pobo Galego

DESEÑO & IMPRESIÓN:

Sacauntos Cooperativa Gráfica

[www.sacauntos.com](http://www.sacauntos.com)

ISBN: 978-84-88508-59-1

Depósito Legal: C 1332-2017

© da obra, 2017, a Xunta de Galicia e Museo do Pobo Galego.

© dos textos, 2017, as autoras e autores dos mesmos.

# RAMIRO ISLA COUTO: PIONEIRO DO NACIONALISMO ALÉN MAR

Xosé L. Pastoriza Rozas

Fundación Isla Couto-Universidade de Santiago de Compostela

Entre as brétemas da historia do nacionalismo galego destácase a silueta borrosa de Ramiro Isla Couto, o disciplinado e esforzado militante nacionalista que actuou toda a súa vida con plena fidelidade ao Ideal. Como irmandiño entusiasta e nacionalista de primeira hora en Galicia e Arxentina, revelamos o seu protagonismo na construción da base social e institucional do galeguismo nacionalista entre 1917 e 1937<sup>126</sup>.

Primeiramente debemos salientar que malia os gromos de pensamento e reflexión intelectual que espallou en diversos xornais e revistas -ben anonimamente, ben baixo pseudónimo-, o seu labor no nacionalismo galego na primeira metade do século XX centrouse na axitación, a organización, a propaganda e o proselitismo. Non estamos ante un intelectual senón ante un infatigable operario da “Santa Causa da Terra”, exemplar no seu rexo compromiso persoal e político co Ideal. Neste senso, a súa biografía exemplifica unha vida de pensamento militante ao servizo dunha loita política: a liberdade de Galicia. A través do seu itinerario vital podemos analizar o proceso de penetración e organización do nacionalismo entre a comunidade emigrada arxentina en dous niveis: en primeiro lugar, a través das múltiples presenzas e liderados de Ramiro Isla nas iniciativas do galeguismo en América; e, en segundo lugar, a través da súa evolución intelectual e ideolóxica que atopará reflexo quer nos seus escritos

---

126 En agosto de 1936, unha das irmás de Ramiro Isla queimou toda a súa correspondencia arxentina. O tronco da memoria sobre Ramiro débémollos ao seu irmán Xaime (Isla, X., 2015). Previamente informara e revisara a voz “ISLA COUTO, Ramiro”, elaborada por Luís González Tosar para a *Gran Enciclopedia Gallega*.

xornalísticos quer na súa correspondencia privada, especialmente co seu irmán Xaime (Pastoriza, 2015a e 2015b).

### UN PEREGRINO DO GALEGUISMO IRMANDIÑO E NACIONALISTA

Ramiro Isla naceu na parroquia de Arnois, no concello pontevedrés da Estrada, o 8 de marzo de 1896. Até 1911 viviu en Cambados, Vilagarcía de Arousa e Santiago de Compostela por mor do traballo do seu pai, o garda civil Fidel Isla Araújo, natural da parroquia de Oca (A Estrada) e que casara con Manuela Couto Pazos, da veciña parroquia de Arnois. Cualificado como “patriocio da estirpe”, foi o irmán máis vello dos oito fillos desta parella de labregos sen terras da Ulla.

Con quince anos emigra a Arxentina, deixando atrás uns brillantes estudos de bacharelato. Mentres traballaba nun comercio bonaerense duns tíos maternos, completou a súa formación na Escola de Comercio e acadou o título de piloto da mariña mercante. En Bos Aires coincidirá cos seus curmáns de Oca, os comerciantes Ramiro, Xenaro e Manuel Fernández Couto. Afervoados agraristas, foron socios fundadores e directivos de “Hijos de La Estrada” e mais tarde de Unión Estradense (Núñez Seixas, 2002, p.110). Tralo regreso desde Galicia de Ramiro Isla en 1922, acompañarano na constitución da Irmandade Nazonalista Galega (ING) cun protagonismo especial de Xenaro que figura como administrador da revista *Terra* e como vogal da Sociedade d’Arte Pondal<sup>127</sup>.

Este ambiente agrarista familiar púxoo en contacto con Farruco Lamas Salgado, o seu futuro sogro e promotor da asociación cultural *A Terra*<sup>128</sup>, coa que colabora Ramiro desde a súa directiva. En febreiro de 1918 a asociación constitúese formalmente como Agrupación Rexionalista “A Terra” que, se ben carece de vinculación orgánica coas Irmandades da Fala, colaborará activamente co seu labor altruísta, tal e como afirman no seu manifesto fundacional (Núñez Seixas, 1992, p. 120).

Non obstante, este xermolar activista fica interrompido en 1918 pola obriga de regresar a España para realizar o servizo militar. Antes de ser destinado á guerra en Marrocos, coñece en Compostela a Lois Porteiro Garea. A negativa experiencia bélica profundou a súa xenreira e rancor contra a monarquía, o centralismo, o imperialismo e os vicios do sistema político español que aldraxaban

127 Os tres curmáns asinaron a acta de constitución da ING en Bos Aires en 1923 (*Terra*, 3, 25-VIII-1923).

128 Lamas Salgado destacou como activista agrarista galego en Bos Aires. Pai de Vicenta, Francisco, Inmaculada Concepción (Chita) Lamas Barreiro, que casaría con Ramiro o 20 de abril de 1929 (*Céltiga*, 104, 25-IV-1929).

a Galicia, servindo de alicerce á súa posterior aposta polo arredismo como estratexia política do nacionalismo<sup>129</sup>. Logo de ser licenciado, desempeñouse brevemente até 1921 como apoderado dun pequeno estaleiro na Ría de Ferrol –Estaleiros de San Filipe–, que pecharían a consecuencia da creba fraudulenta da súa propietaria, a Casa Banca Deza. Durante a súa estadía en Ferrol entra en contacto con Xaime Quintanilla e Ramón Villar Ponte, que viñan de crear a editorial *Céltiga* (1921).

En febreiro de 1922 asiste á IV “Asamblea Nazonalista” celebrada en Monforte de Lemos vinculándose á Irmandade Nazonalista Galega (ING) onde coñece e traba amizade con Vicente Risco, Castelao e Antón Villar Ponte. A finais de ano regresa a Arxentina coa encomenda e unhas credenciais do conselleiro supremo Vicente Risco para organizar as delegacións da ING neste país e no Uruguai<sup>130</sup>. Ao tempo, carrega a Bos Aires un cargamento de libros tanto de literatura como do corpus doutrinal do movemento: 80 exemplares de *Abrente* de Victoriano Taibo, 20 de *Doutrina Nazonalista* de Ramón Villar Ponte, 200 de *Teoría do nazonalismo* de Risco, 500 de *Olo de vidro* de Castelao e exemplares da editorial *Céltiga*. Nos seguintes nove anos, o seu labor será a de propagandista do nacionalismo e de activista a prol da Causa. Segundo confesa Ramiro a Fermín Penzol, antes desta súa nova chegada a Bos Aires, as manifestacións nacionalistas apenas atoparan difusión en Arxentina limitándose a conciencia de Galicia a actividades folclóricas e publicacións de carácter lírico na prensa da emigración<sup>131</sup>.

Como o lume de loureiro, o ano 1923 representou o agromar violento e o rápido esmorecemento da ING en Arxentina. Mentres trataba de salvar da crise ao comercio familiar ao que se reincorporara, Ramiro participa en maio de 1923 no mitin de protesta organizado pola Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales (FSGAC) pola morte en Guillarei (Tui) de tres persoas que se concentraran en apoio dun veciño que se negara a pagar os foros. Como lle relata a Penzol:

Fun o primeiro que, en medio das protestas do público, falou en galego nun auto que se lle daba carácter político; e coído que foron as primeiras verbas nazonalistas gallegas que se meteron nos ouvidos dos paisanos alí reunidos<sup>132</sup>.

129 Correspondencia de Ramiro Isla Couto con Fidel Isla Araújo. Fondo Ramiro Isla Couto-Arquivo Fundación Isla Couto (FRIC-AFIC).

130 Galicia, 10-X-1922. *O xornal Rexurdimento*. Órgao da I.N.G sinala desde febreiro de 1923 a Ramiro como representante da I.N.G en Bos Aires.

131 Carta de Ramiro Isla a Fermín Penzol, 7-X-1926, *Grial*, 73, xullo-agosto-setembro 1981, p. 328.

132 Id.

Este acto político aproveitouse para que o nacionalismo galego se difundise publicamente e, ao tempo, serviu para dinamizar o proceso de creación da ING en Bos Aires. De feito, Miguel Porteiro, Ricardo Viñas e “Fiz d’Orballo” dirixíronse a Ramiro nunha carta aberta co fin de que axilizase os preparativos e convocase aos posibles simpatizantes desta nova Agrupazón Nazonalista.<sup>133</sup> Paralelamente, a Irmandade da Fala da Coruña ofrécelle o seu apoio así como o de *A Nosa Terra* (ANT) a través dunha carta de Leandro Carré<sup>134</sup>.

Mais antes da constitución formal da ING, sae do prelo o 21 de xuño de 1923 o primeiro número de *Terra. Idearium da ING n’América do Sul*. A xefatura de redacción correspondeu a Eduardo Blanco Amor -emigrado ourensán desde 1919 e discípulo epistolar de Risco (Núñez Seixas, 1993)-, mentres que Ramiro asumía a dirección e a redacción das “Notas da Causa” e da bibliografía. Alimentada na súa maior parte desde Galicia coas colaboracións dos persoeiros nacionalistas, a revista aspiraba a ser unha versión do boletín *Nós* en Arxentina. *Terra* significouse como a primeira revista política e cultural escrita integramente en galego en Bos Aires e como a primeira exposición seria do nacionalismo galego alén mar. Nas súas páxinas Risco exporá as bases doutrinarias da ING e Blanco Amor subliñará expresivamente a pureza ideolóxica do grupo bonaerense e o seu afastamento do inxel “galleguismo americano”, do saudosismo e das “chorimicadas morriñosas, coasi sempre falsas e decotes noxosas” (Blanco Amor, 1923).

A experiencia desta revista pioneira durou tan só cinco meses até outubro por mor da falla de colaboración desde Galicia, da indiferenza dos galegos de América, e o retraso na publicación do derradeiro número por “causa das moitas ocupacións do noso Redautor Xefe [Blanco Amor, que] non poido adicarlle tod-á atención debida”<sup>135</sup>. De feito, Ramiro cargou cos gastos de imprenta e apenas se recadaron os cartos das subscricións nin da publicidade por estar feita en galego<sup>136</sup>. De todos os xeitos, esta crítica aberta a Blanco Amor revela o proceso de arredamento do escritor deste grupo nacionalista, unha deserción que fende a unidade da recentemente creada ING (Lamas Barreiro, 1924). Paralelamente, a novidade do nacionalismo risquián que representaba *Terra* e a ING xerou críticas e distanciamentos por parte de vellos e “virís” membros de “A Terra”, como Miguel Revestido, que a cualifica de “publicación cursi y neuras-tencia, plena de pedantería” e aos seus creadores como “innovadores de un

133 “Nazonalismo galego”, *Correo de Galicia* (CG), 6-V-1923.

134 “Da Irmandade da Fala”, CG, 12-VIII-1923.

135 *Terra*, 5, X-1923.

136 Carta de Ramiro Isla a Fermín Penzol, 18-12-1924, Grial, 73, xullo-agosto-setembro 1981, p. 317. Carta de Ramiro Isla a Fermín Penzol, 14-8-1925. Fundación Penzol (FP).

nacionalismo que ni Dios entiende” e como “cuatro niños insípidos agrupados ante la mesa de un café, [que] hablaban de regeneraciones y de problemas gallegos proclamándose enfáticamente representantes oficiales de una doctrina demasiado grande para albergarse en sus cerebros amorfos” (Revestido, 1924).

O 4 de agosto de 1923 constitúese formalmente a delegación da ING ao berro de “Galiza ceibe”, contando con 16 membros en Bos Aires<sup>137</sup>. Non obstante, a instauración en setembro da Ditadura de Primo de Rivera en España provocou o esmorecemento da ING en Galicia e a desorientación da súa delegación en Arxentina. No remate do ano 1923 esta comezara a debilitarse e a mergullarse nun proceso de crise interna. Así e todo, esta breve experiencia posibilitou a difusión do nacionalismo en Arxentina e da concepción de Galicia como nación, fronte ao rexionalismo tradicionalista promovido desde os centros e sociedades galegas (Núñez Seixas, 1992, p. 132).

Neste ano, a ruptura co seu tío materno, o comerciante Manuel Couto Pazos, obriga a Ramiro a gañar a vida realizando debuxos para catálogos e anuncios de empresa até que entra a traballar nunha casa comercial italiana grazas ao cal aprende italiano e estuda o inglés<sup>138</sup>. Será neste período, ademais, cando profunde na súa amizade co seu futuro cuñado Farruco Lamas Barreiro, un activo do nacionalismo ourensán fillo de Lamas Salgado. Tras desta experiencia profesional, desempeñase como viaxante de comercio no norte do país, percorrendo as provincias do Chaco, Corrientes e Misiones, navegando o río Paraná até a fronteira co Paraguai e o Brasil. Neste negociar con coiros, algodón, plumas e tecidos establecerá unha fonda amizade con outro viaxante, o ribadense Eliseo Pulpeiro, co que compartiu estes exilios comerciais en terras guaraníes por períodos de dous e tres meses, ao cabo dos cales regresaban a Bos Aires (Pulpeiro e Rodríguez, 2016).

Será nestes intres de crise na organización do nacionalismo galego, cando Ramiro dea mostras dunha grande capacidade para motivar aos desanimados, tecer relacións, conservar amizades e seguir a promover iniciativas -exitosas e frustradas- de asociacionismo, propaganda e espallamento da Causa. Neste senso, presta a súa colaboración, apoio e entusiasmo ás diversas iniciativas que van xurdindo co fin de acadar unha maior ascendencia sobre a comunidade galega emigrada por parte do nacionalismo. Por exemplo, colabora nos esforzos por controlar a FSGAC por parte dos galeguistas máis moderados e, en novembro, de 1925 ingresa como socio na Sociedad Nueva Era de Vilanova y Sus

137 *Terra*, 3, 25-VIII-1923.

138 Carta de Ramiro Isla a Fidel Isla Araújo, 17-III-1924. FRIC-AFIC.



Contornos a proposta Suárez Picallo<sup>139</sup>. Esta manobra inclúese na estratexia para que os galeguistas se integren na xunta directiva da FSGAC durante o seu IV Congreso de 1925 influíndo na orientación republicana, autonomista e galeguista da entidade<sup>140</sup>.

Será precisamente entre o solpor de 1924 e 1925 cando Ramiro profunde na súa ideoloxía arredista desde a conciencia de ser “o maior loitador eiquí do nacionalismo”<sup>141</sup>. Así, en decembro de 1924 confésase arredista e informa a Penzol das relacións que mantén cos cataláns revolucionarios arredistas de Arxentina e Francia, afirmando que mesmo está disposto a dar o seu sangue pola liberdade de Cataluña se este sacrificio serve como medio para o despertar de Galicia<sup>142</sup>. Ao tempo, non esmorece no seu labor de espallamento do nacionalismo e da literatura e cultura galega a través de frustradas empresas como os proxectos de publicación dunha revista trimestral que acollese obras clásicas galegas, e dun denominado *Libro da Galiza* que escolmase as colaboracións galegas para *Terra* que non se chegaron a publicar; a creación dun padroado das Letras Galegas baixo a denominación de “Editorial Terra. Proteición das Letras Galegas” ou da publicación de *Semente*, unha revista de orientación culturalista para a que contaría coa colaboración de Lamas Barreiro<sup>143</sup>.

En agosto de 1925 reconstitúese a ING de Bos Aires baixo o liderado arredista do libreiro coruñés Lino Pérez e Ramiro Isla. Nesta reactivación acompañanos vellos camaradas como Manuel Oliveira e novas fichaxes como Clemente López Pasarón, Moisés da Presa e o propio Lino Pérez. Fronte ao esmorecemento do entusiasmo da anterior camada de irmandiños, Ramiro descríbelle a Ramón Villar Ponte a nova oportunidade que se abre para a ING:

Nistes días estiven reorgaizando a Irmandade, con elementos novos e moi bôs, que coido seguro o faguer obrar boa, coa miña saída ao interior do país foise-lles, aos anteriores, o antusiasmo, e ficou cando eu cheguei fai uns 8 meses en nada pois decidín disolvela, e buscar nova xente que deixei preparada, e con longas cartas fixen o posible pra que non se lles apagasen os antusiasmos, e veu-me a axudar moito unhos rapaces novos que viñeron da Terra e cando eu cheguei fai unhas datas encontrei-nos dispostos a todo, comentando e discutindo tanto a Teoría do Nazonalismo de Risco como a súa Doutrina Nazonalista; finando, foi unha ledicia, pra min, enorme<sup>144</sup>.

139 CG, 24, 25-12-1925.

140 *Céltiga*, 24, 25-XII-1925.

141 Carta de Ramiro Isla a Fermín Penzol. 14-VIII-1925. FP.

142 Carta de Ramiro Isla a Fermín Penzol, 18-12-1924, op.cit.

143 Todas estas iniciativas nunca desenvolvidas plenamente descríbense en cartas de Ramiro Isla a Fermín Penzol, 18-12-1924 e de 7-X-1926, e máis na carta de Ramiro Isla a Ramón Villar Ponte, 3-VII-1925 Arquivo Villar Ponte- Biblioteca do Parlamento de Galicia (AVP-BPG)

144 Carta de Ramiro Isla a Ramón Villar Ponte, 3-VII-1925. AVP-BPG.



Este grupo de “mozos arruzados e independentistas” -que existía previamente como peña intelectual e idealista en tertulias de café- logran sacar do prelo durante 1926, catro números de *A Fouce. Periódico galego (AF)*, xornal que promove un arredismo baseado no idealismo e puritanismo ideolóxico. Paralelamente, Ramiro establece un contacto máis activo coa Mocidade Céltiga de Madrid -liderada por Penzol- e coa Mocidade Cultural Galega de Santiago de Compostela, comandada por Xavier Pardo e Manuel Beiras (Acuña, 2015). Malia os seus degoiros de crearen un grupo independentista, o medo e esfarelamento do grupo madrileño impediría a súa constitución na península. Como alternativa, Penzol consúltalle a Ramiro a posibilidade de organizar este movemento en Bos Aires para espallar en Galicia e América os seus ideais empregando *AF* coma órgano de expresión<sup>145</sup>. Como alternativa menos perigosa, deciden argallar un grupo segredo e clandestino que esixía dos seus membros unha “declaración xurada de renunciamento a toda clas de política e Patria que non sexa a nosa pra mentres viva”<sup>146</sup>.

Os que “perderan o entusiasmo” -como Blanco Amor- xunto con Eliseo Pulpeiro ou Suárez Picallo estaban a traballar na reedición da revista quincenal *Céltiga. Revista Gallega de arte, crítica, literatura y actualidad*, que publica o seu primeiro número o 30 de setembro de 1924. A presenza dos amigos, especialmente de Eliseo Pulpeiro -codirector literario canda a Blanco Amor e responsable da sección “El momento de Galicia”- xunto cos deberes de espallamento do nacionalismo motivan a Ramiro a colaborar coa sección “Idearium galeguista”, aparecida entre setembro de 1925 e agosto de 1926. Nesta sección insire unha subsección anónima da súa autoría e de Blanco Amor baixo o cabezallo de “Ideas Galegas”<sup>147</sup>. No “Idearium galeguista” reproducirá a *Teoría do Nazonalismo Galego* de Risco, o discurso de Lois Porteiro Garea ao fundarse a Irmandade en Santiago de Compostela, e escritos de Xan de Pazos (pseudónimo de Vicente Risco), entre outros. Esta sección abandonaba o “criptogaleguismo” posibilista e moderado de *Céltiga* para aproar cara á difusión aberta do nacionalismo.

Estes traballos publicistas abordábaos nos tempos de folganza que atopaba nas súas coitadas viaxes á provincia de Misiones navegando río arriba o Paraná.

145 Carta de Fermín Penzol a Ramiro Isla. 25-V-1926. FP.

146 Carta de Ramiro Isla a Fermín Penzol. 7-X-1926. Op. cit.

147 A autoría anónima desta subsección xera dúbidas sobre a atribución dos artigos. De todos os xeitos, podemos corroborar a hipótese de Xosé M. Núñez Seixas de que os seguintes artigos son da autoría de Blanco Amor por mor das ideas expresadas: “Idearium Galeguista. Ideas galegas”, en *Céltiga*, 20, 25-X-1925, “Iderarium Galeguista. Ideas galegas. Ortodoxia e Heterodoxia nazonalista”, en *Céltiga*, 23, 10-12-1925; e “Idearium Galeguista. Ideas galegas sobre a Federación de Sociedades Gallegas Agrarias e Culturales”, *Céltiga*, 24, 25-12-1925. Vid. (Núñez Seixas, 1993, p. 240)

E como lle confesa a Penzol débelle ás cartas cos irmáns nacionalistas “os mellores momentos que paso no desterro, pol-as cartas, verdadeiros oasis n-este deserto, que recibo e que me fan vibrar as máis sensibles cordas do sentimento e a saudade da Terra”. Xustamente neste intre en que abrollaba no horizonte unha división entre “céltigos” e arredistas “pondaliáns”, e entre “nazionalistas” e “enxebres” -estes últimos partidarios dun enxebriño rexionalista- o Ramiro valoraba esta nova realidade de xeito positivo:

Desa data até hoxe, vai faguer catro anos, chegamos a que se preocupen e disputen a hexemonía ou millor dito a dirección do movemento eiquí, así que xa é algo, anque non todo o que un desexaría; agora, coa boa nova que me dás da orgaización da irmandade, vanse desgarrando as trevas en que eu estaba ollando xa envolveita a nosa obra, e ista fenestra que se abre deixa entrar xa ós nosos corazóns o sol, que é quentura e entusiasmo, e daralle vigor ós membros entumidos pola longa inmovilidade<sup>148</sup>.

Con moitas canseiras comerciais, Ramiro vai xuntando peso a peso un minguante capitaliño co que axudar aos estudos do seu irmán máis novo, Xaime, no inaugurado Instituto de Vigo; co que contribuír a pagar a multa imposta a A. Villar Ponte por un artigo no que critica a Ditadura de Primo de Rivera<sup>149</sup>; co que apoiar as fracasadas subscricións da colectividade galega a prol da merca da Casa da Matanza en Padrón<sup>150</sup> e a prol do Libro Escolar Galego promovido por Ramón Cabanillas<sup>151</sup>, ou para soste o Seminario de Estudos Galegos, do que será socio protector e en favor do cal promoverá a creación en xuño de 1929 da Institución Cultural Gallega. Protectora del Seminario de Estudios Gallegos, integrada na súa maioría por membros da Sociedade d'Arte Pondal<sup>152</sup>.

En efecto, os mozos nacionalistas con sensibilidade artística fundan a Sociedade d'Arte Pondal en agosto de 1927. A Pondal nace como unha agrupación musical, literaria e coreográfica co fin de potenciar a cultura galega nacionalizando a música pura e popular e o teatro, entre outras expresións culturais colectivas (Pérez, 1927). Este carácter artístico facilitou a súa afiliación provisional á FSGAC da que é expulsada en febreiro de 1928 durante o seu V Congreso<sup>153</sup>. Na

148 Carta de Ramiro Isla a Fermín Penzol, 7-X-1926, op. cit.

149 *El Despertar Gallego* (EDG), 90, 16 xaneiro 1927, p.4, EDG, 91, 23-1-1927.

150 *Céltiga*, 51, 10-2-1927.

151 *Céltiga*, 42, 25-9-1926.

152 Folla divulgativa da “Institución Cultural Gallega. Protectora del Seminario de Estudios Gallegos”. FRIC-AFIC. A nova da súa creación en *Céltiga*, 109, 25-6-1929.

153 En novembro de 1927 comeza o V Congreso da FSG que dura até principios do 1928. Durante a súa décima sesión do 2 de febreiro de 1928, discútese a afiliación da Sociedade d'Arte Pondal. Tras dun tenso debate na que é acusada de separatista, intrusista e de tentar apoderarse para os seus fins políticos do Orfeón Gallego, a súa afiliación e pertenza á FSG é rexeitada pola maioría dos delegados (EDG, 20-V-1928).

Pondal, Ramiro forma parte do xurado que ha de obrar de asesor artístico da entidade xunto con Blanco Amor, Suárez Picallo e Lamas Barreiro. A Pondal, por tanto, débese de entender como unha iniciativa de xeración de espazos de encontro e reconciliación, e de reivindicación e unificación de esforzos entre as diversas correntes do galeguismo arxentino fronte aos antinacionalistas. Nesta mesma liña debemos entender a creación posterior da “Peña Céltiga” en abril de 1928 e que tiña por obxectivo formar “un núcleo intelectual por definición, encargado de la fijación y propaganda de todo cuanto se refiere a ideología, valores y conocimiento hondo, pleno, integral, de la tierra gallega en Argentina”<sup>154</sup>.

A pesar de que o seu perfil público mingua neste período artístico-pondalino, este reaparecerá con forza a partir de febreiro de 1930 coa reedición entusiasta por parte da Pondal do xornal *AF*. Ramiro colaborará intensamente nesta segunda xeira do xornal con gravados en linóleo e artigos baixo a sinatura de R.I.C ou o pseudónimo de XÁ. Ao tempo, responsabilízase dos editoriais anónimos dedicados á problemática da escola galega por mor de apoiar a vocación docente do seu irmán Xaime<sup>155</sup>. Nesta nova etapa de *AF* os seus promotores recoñécense herdeiros da extinta ING. De feito, cando publiquen os seus estatutos e programa de 1923, afirmarán que esta se chama agora Sociedade Pondal<sup>156</sup>. Precisamente, esta conciencia nacionalista motiva que en maio se celebre unha asemblea na que se muda o nome para Sociedade Nazonalista Pondal (SNP). Ramiro atópase entre os vinte cinco asistentes que elixen presidente a F. Lamas Barreiro<sup>157</sup>. Nesta mesmas datas, nunha carta de Blanco Amor a Risco, o escritor explica que o grupo nacionalista máis actuante na nova FSG -esgazada da vella FSGAC- estaría integrado por el mesmo, Alonso Ríos, Suárez Picallo, Campos Couceiro, Lamas Barreiro e Ramiro Isla<sup>158</sup>.

Coa chegada da II República a España, Ramiro participa o 29 de abril de 1931 canda a Manoel Oliveira e Vicente Barros nun acto de afirmación nacionalista e republicana coa conferencia “a nosa posizón e o momento español”. A alborada que se abría en Galicia, as dificultades económicas de Arxentina, xunto coa saudade da Terra, motivaron a Ramiro a partir de regreso a Vigo a finais de novembro de 1931 xunto á súa dona, Chita Lamas. Chegado a Vigo uns días despois da asemblea fundacional do Partido Galeguista (PG) en Pon-

154 CG, 8-4-1928.

155 Ramiro promove co apoio da SNP e de *AF* unha Sociedade Protectora da Escola Galega. *AF*, 31, 15-4-1931.

156 *AF*, 8, 15-III-1930. Na primeira xeira de *AF* publicaran o decálogo da ING no número 3, de xuño de 1926.

157 *AF*, XIV, 15-VI-1930.

158 Carta de Blanco Amor a Risco, Bos Aires, 9-V-1930. Cit. en Núñez Seixas, 1992, p. 246.

tevedra, axiña é recibido con grande amizade e ledicia polos compañeiros de militancia nacionalista<sup>159</sup>. Non obstante, o seu traballo de viaxante de comercio por Galicia e España motivan que tivese un perfil baixo no PG, actuando no seu Consello Nacional como delegado en representación dos emigrantes a carón de Alonso Ríos e Suárez Picallo<sup>160</sup>. Por este motivo, cando sexa detido en Verín o 29 de decembro de 1936, o seu pai logrará liberalo o 2 de abril de 1937 do Frontón Vigués, onde fora trasladado, tras interceder ante o *Rabioso*, o asañado tenente da Garda Civil Francisco González. E de aí comezará unha longa peregrinación galeguista e republicana por Portugal, Francia, Cuba, México, Colombia e Venezuela. No 1957 regresa definitivamente a Galicia para, por fin, convivir abeirado ao seu irmán Xaime e aos proxectos da Editorial Galaxia, SEPT e da Fundación Penzol durante uns outros trinta anos.

### O IDEARIO NACIONALISTA DE RAMIRO ISLA

Como xa indicamos, Ramiro Isla non se cualifica como un intelectual, senón como un home de acción comprometido coa “Santa Causa” que realiza un enorme esforzo de autodidactismo para compensar o abandono da formación académica por mor da emigración. De aí a súa obsesión persoal coa lectura, a adquisición de libros e revistas e a formación dunha biblioteca que lle permitise tanto tirar polo fío das correntes intelectuais máis anovadoras como estar ao día da actualidade sociopolítica.

No seu primeiro período nacionalista en Bos Aires, Ramiro alíñase co ideario da ING e vitalmente compórtase como un “galeguista apostólico”, que camiña paseniñamente e “cunha fonda intransixencia nas cuestións relacionadas co ideal” (Villar, 1923). Naquela mística de “redenzón da Nosa Terra” e de traballo pola “liberdade da i-alma da Terra”, Ramiro refugaba dos conflitos e loitas polo poder, “xa o nome o di, todos irmáns” e prefire “poucos, bøs i escolleitos” nacionalistas fronte ao apoio das masas<sup>161</sup>.

Esmorecida a ING, retoma o guieiro pedagóxico e publicista do nacionalismo emigrado a través da sección “Idearium galeguista” de *Céltiga*. A escolma de textos publicados procuraba dar conta do “reconquerimento da personali-

159 Folla solta dunha carta á SNP. Febreiro 1932. FRIC-AFIC.

160 A nivel do PG, Ramiro participa en diversos mítins do PG e forma parte da xunta directiva do PG de Vigo. A súa participación máis significada acontece o 24 de xullo de 1934 cando presenta aos oradores no Mitin das Arengas na Praza da Quintana. O 22 de novembro de 1932 resulta ferido no atentado que sofre Valentín Paz Andrade en Vigo á saída do Café Derby por parte de dous sindicalistas durante a folga mariñeira de Bouzas.

161 *Terra*, 4, 25-IX-1923.

dade das pequenas nazionalidades, asovalladas polo imperialismo de toda cras, político ou económico, entre as que se contan as antigas nazós ibéricas, i-entre elas a nosa Galicia”<sup>162</sup>. Por iso concibe esta sección como unha auténtica “obra nazionalista explícita e clara” que divulga e propaga o ideario galeguista alentando por un “conecimento sistemático e centífico” do nazionalismo galego” que, con base nas lecturas necesarias, obteña o “conecimento cabal i-esauto de este problema da Terra”<sup>163</sup>.

Tras o período publicista, haberá que agardar á reedición de *AF* en 1930 para atopar ao Ramiro que defende desde as súas páxinas “o nacionalismo máis arriscado con plantexamentos sociopolíticos de esquerda” (Freixanes, 1976, p.166). Este posicionamento faise explícito coa chegada da República cando Ramiro alenta no galeguismo unha “políteca inédita de fondo renovador” como a que representa a SNP. Esta renovación identifícaa co republicanismo de esquerdas xa que “os nazionalistas loitamos contra da tiranía imposta polo poder central, loita na que haberá qu-empregar ideoloxías e predicamentos revolucionarios”. Ademais reivindica tanto a independencia de Galicia dun Estado español que actúa como un tirano como o federalismo entre as nacións ibéricas. De aí que recunque na idea de virar as costas a Madrid e renega da participación nas Cortes Españolas xa que:

Cando un pobo esta canso de pidir e pidir, e non se lle atende -como no caso Galiza- a casa do nemigo non se debe ir pra nada; rómpese tuda cras de relación co-il e diste xeito diñíficase un moimento verdadeiramente nazionalista (Isla, R., 1931c).

Neste período Ramiro afinará a súa análise política e comparte, como vimos, o radicalismo democrático arredista do xornal. E mesmamente busca na India e en Ghandi os exemplos de liberación nacional fronte a un poder imperialista, tal como o nacionalismo galego busca en Pardo de Cela un mito das liberdades oprimidas (Isla, R., 1930b). Mais fronte ao populismo, defende a democracia e o rol gobernante que deben asumir as “minorías selectas, aristócratas do saber, os xuntoiros reducidos de homes de senso e boa vontade, os que o sagreifizan todo a unha obra de amoroso apostolado” porque son as únicas que poden erguer o nivel cultural do pobo (Isla, R., 1930a).

Cualificando de “tirano” ao Estado español, amósase especialmente crítico e satírico en contra da Monarquía española caracterizando ao rei Afonso XIII como un “tahúr máximo e xogador ventaxista”- que dirixe a “casa de xogo” do sistema político español onde non gaña máis có banqueiro (Isla, R., 1930c).

162 “Idearium Galeguista”, en *Céltiga*, 18, 25-IX-1925.

163 “Idearium Galeguista. Ideas galegas”, en *Céltiga*, 19, 10-X-1925.

Este rexeitamento do opresor réxime político español lévao a defender que os nacionalistas galegos non deban ir ao parlamento xa que a “Causa Nazonal Galega” é unha “Causa Nazonal Liberadora” e por tanto, os parlamentarios nacionalistas non poden xurar “respeto e fidelidade a unha constitución e a unhas autoridades que teñen aferrollada, opresa e na miseria material i-espiritual a Galiza”. Esta ruptura coa “casa do inimigo” realízase por pura ortodoxia nacionalista e para evitar o colaboracionismo co “gobierno do poder central opresor”. Xa que logo, trátase de virar as costas a Madrid, para tratar de conquistar Galicia (Isla, R., 1930d).

Outramente, como traballo previo á loita partidista e á participación nas eleccións Ramiro insistía na necesidade de que os nacionalistas teñan creado unha “plena concencia galeguista no pobo” para que haxa un “ambiente saturado de galegitude conscente”, de tal xeito que se afoque aos partidos antigaleguistas. O medio para acadar esta “saturazón patriótica” cífrao na creación dunha Escola Nazonal Galega cara á que se deberían de canalizar as enerxías e diñeiros da campañas electorais (Isla, R., 1930d).

De feito, Ramiro confía en que a creación de “colexios de ensinanza nazonal galega” orientados ao robustecemento da personalidade nacional, o fomento dos sentimentos patrióticos e a extensión do uso e coñecemento do idioma permitiría aumentar o número dos “galegos conscientes da súa galegitude”, porque resultaba urxente facer fronte ao labor desgaleguizador das escolas públicas e á nefasta orientación das escolas sostidas polos emigrantes que cooperaban coa asimilación cultural castelanizadora e a humillación lingüística<sup>164</sup>. Así, todo o labor do galeguismo tense que desenvolver entre a xuventude e as crianzas para termos “dentro de unhos anos, o millor continxente galeguista formado pol-a mocidade” no que se reflecta o resultado do traballo de “renacionalización de Galicia”. Por este motivo recunca na necesidade de intensificar un ensino que esperte o amor á Patria galega:

Pra que un día Galiza poida aparecer ante o mundo como un modelo de nacios cultas e ricas, pensando na Patea sin ambicións e sin aspiracións persoales, tendo como norte o supremo intrés por Galicia, berrando -como di o poeta- corazón os beizos, ¡Galego! ¡Soio galego! (Isla, R., 1931c).

Posteriormente, o 28 de xuño de 1936, co gallo da celebración do referendo do Estatuto de Autonomía, Ramiro afirma outra volta a necesidade de superar

164 (Anónimo) “Editorial. A creazón da escola galega, como toda laboura galeguizante debe de contar con orgaizazóns que coordinen e metodicen a acción de todol-os galeguistas”, *AE*, 31, 15-IV-1931.



o drama de que os galegos non teñan recibido unha educación verdadeiramente galega que lles permita xunguir ao sentimento agarimoso pola Terra co “mellor coñecemento e comprensión dos problemas de Galiza”. No horizonte da promesa que representa o Estatuto, realiza un chamado ao compromiso coas novas xeracións xa que:

Debemos aproveitar iste momento, que é dos poucos que a vida lles brinda os pobos pra que os seus fillos teñan a sorte de enxendrar algo belo e útil, pol-o seu propio impulso, pol-a súa emoción criadora. Non fagamos infecundo este intre de Galiza, deixándoo esmorecer pol-a nosa ociosidade (Isla, R., 1936).

Cinco anos antes, e preto do seu regreso á Terra, Ramiro descóbrenos, como xa vimos, un perfil ideolóxico arredista e de esquerdas, no que concilia o seu nacionalismo co antiimperialismo e o universalismo. Este xiro e sensibilidade socialista detéctase tamén cando denuncia a inmoralidade, mendicidade e hipocrisía do xornalismo da colectividade emigrada, acusando aos “burgueses” galegos que gustan de ver satisfeitos:

Os anxeios de notoriedade do opulento a la par que sencillo, ou do filántropo e probro, que fai donativos a conta das tuberculosis que adequiriron os empregados ou obreiros do seu rexistro ou frábica por eisceo de traballo e jornal de fame (Isla, R., 1931b).

En canto ao valor do nacionalismo, critica aos “badocos e reacionarios” que cualifican de retrógrado ao nacionalismo en nome do universalismo e do progreso, termado na defensa dun cosmopolitismo sen fronteiras e linguas. Ramiro móstrase partidario dunha “federazón universal antre total-as nazonalidades, previamente libres, da terra”, tal e como é recoñecido pola Terceira Internacional de Moscova, as escolas socialistas do mundo, e polos anarquistas como Kropotkin e Eliseo Reclús. De feito, xustifica a orixe natural da nación con base no anarquismo e define as patrias como:

A patria, a verdadeira patria, ten por base a familia, e como conxunto de familias, o pobo, e como conxunto de pobos, a comarca, e como conxunto de comarcas, a patria, onde son unhos os mesmos costumes, a mesma língoa, igoales tradicións, igoal hestórea, as mesmas lediciais e igoales tristuras. E istas patrias teñen o seu nome dentro do Universo como o teñen os individuos dentro da sociedade, e nosoutros eiquí i-en tudol-os países somos e seremos galegos porque fumos nados e vivimos en Galicia. Pretender afogar no nome de un universalismo istes grupos humáns, istas entidades ben definidas pol-a natureza, é sinxelamente reacionario tiránico, e querer consagrar a obra despótica dos grandes estados, ladrós de pobos. O tópicoo da patria universal pode servir para enganar mentalidades anémicas, pero non cerebros que pensen (Isla, R., 1931a).



Desde esta perspectiva, os cosmopolitas redúcense a ser torpes e rudos pois negan o determinismo natural da patria de tal xeito que ignoran que o nacionalismo inclúe un traballo pola emancipación da humanidade:

Entón, os nazonalistas galegos, que traballamos pol-a independencia de Galiza, non faguemos máis que labourar pola emancipazón human. Pol-o tanto, os que combaten o noso nazonalismo son, ademais de torpes e reaicionarios, unhos esclavos conscientes, unha rémora pr-o progreso human e un estorbo pra arrecadar a positiva paz universal (Isla, R., 1931a).

## CONCLUSIÓN

Ao longo da súa vida Ramiro Isla significouse como un patriota rexo e sacrificado na defensa dos dereitos políticos e culturais de Galicia crendo con firmeza que tan só a través do compromiso e a militancia no “Ideal” e na “Santa Causa” se podería artellar unha resistencia activa e construtiva fronte aos procesos de marxinação económica, submisión política, desgaleguización e asimilación cultural que puñan en risco a continuidade histórica da nación galega. E, dentro das diversas ofertas ideolóxicas do galeguismo, Ramiro aposta polo arredismo republicano de esquerdas. Será especialmente na súa correspondencia co seu irmán Xaime, onde Ramiro se confese nacionalista e separatista. Malia que axiña lle recoñece ao seu irmán pequeno o seu nacionalismo<sup>165</sup>, a súa identificación familiar como arredista e separatista demorará até a proclamación da República en España, e, en maio do 1931, confésalle:

Non sinto odio nin fago reproches, recramo para o meu país os dereitos que lle corresponden e que nos tempos que corren é un crime negarlle, non quero para a miña Terra mais que igoaldade coas terras dos mais habitantes do mundo. Quero ser ciudadano galego con tanto dereito como outro o ten a ser ciudadano danés, finlandés, polaco, sueco ou holandés<sup>166</sup>.

E así, nesta loita pola liberdade de Galicia, queimou a súa vida este “peleriño do galeguismo polo mundo galego”<sup>167</sup>, unha vida ao servizo daquel Ideal aprendido na mocidade nas Irmandades da Fala.

165 Carta de Ramiro Isla a Xaime Isla. Posadas, 9 de febreiro de 1928. FRIC-AFIC

166 Carta de Ramiro Isla a Xaime Isla. Posadas, 22 de maio de 1931. FRIC-AFIC.

167 Dedicatoria de Ramón Piñeiro a Ramiro Isla co gallo da lectura do seu discurso de ingreso na Real Academia Galega: “Para Ramiro Illa, peleriño do galeguismo polo mundo galego, 26-XI-67”. Exemplar de *A lingoaxe e as línguas*. FRIC-AFIC.

## REFERENCIAS

- Acuña, Ana (2015): "Achegamento aos grupos de galegos en Madrid durante os primeiros trinta anos do século XX: a Mocidade Céltiga", *Madrygal*, nº 18, pp. 399-409.
- Blanco Amor, Eduardo (1923): "Nós", *Terra*, nº 1, p. 5.
- Freixanes, Víctor (1976): "Xaime Isla Couto. Dende o cristianismo e a democracia", *Unha ducia de galegos*, Vigo, Galaxia, pp. 164-181.
- Isla Couto, Ramiro (1930a): "Insistindo. Gobernos e soberanías", *A Fouce*, nº 23.
- . (1930b): "Insistindo- horas de liberdade. A India", *A Fouce*, nº 24.
- . (1930c): "Naipes Vellos", *A Fouce*, nº 24.
- . (1930d): "Os Nazionalistas galegos non deben ir o parlamento", *A Fouce*, nº 24.
- . (1931a): "Insistindo. Badocos e reacionarios", *A Fouce*, nº 26.
- . (1931b): "Do vivir coletivo. As tres gracias, as tres desgracias e o periodismo da coletividade ou que ten o rabo de palla", *A Fouce*, nº 30.
- . (1931c): "Notas sobre conferencia posizón do nazionalismo diante da república hespañola", *A Fouce*, nº 32.
- . (1936): "Sentimento i Aición", *El Pueblo Gallego*, 28-VI-1936.
- Isla Couto, Xaime (2015): "O meu irmán Ramiro", Xosé L. Pastoriza Rozas, ed., *Xaime Isla. Raíz e utopía de Galicia*, Vigo, Fundación Isla Couto-Editorial Galaxia, pp. 117-120.
- Lamas Barreiro, Farruco (1924): "Puntualizazós", *A Fouce*, nº 21.
- Núñez Seixas, Xosé M. (1992): *O galeguismo en América, 1879-1936*, Sada, Edicións do Castro.
- . (1993): "A dimensión política de Eduardo Blanco Amor (1919-1950): a difícil andaina dun intelectual no galeguismo", *Anuario Brigantino*, nº 16, pp. 227-270.
- . (2002): *O inmigrante imaxinario. Estereotipos, representacións e identidades dos galegos na Arxentina (1880-1940)*, Santiago de Compostela, Universidade, Servizo de Publicacións.
- Pastoriza Rozas, Xosé L. (2015a): "Repensar Galicia, proxectar Galicia, facer Galicia. Cronobiografía", Xosé L. Pastoriza Rozas, ed., *Xaime Isla. Raíz e utopía de Galicia*, Santiago de Compostela, Fundación Isla Couto-Editorial Galaxia, pp. 10-103.
- . (2015b): "Presenza da Nación! O galeguismo xuvenil de Xaime Isla". *Grial. Revista galega de cultura*, nº 207, xullo-setembro, pp. 22-33.
- Pérez, Lino (1927): "Os coros, o teatro e a música pura. A Sociedade d'arte Pondal", *Céltiga*, nº 64.

Pulpeiro, Sylvia e Rodríguez, Pablo (2016): *Eliseo Pulpeiro. As letras galega entre dúas ribeiras (Ribadeo e Río da Prata)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.

Revestido, Manuel (1924): "El nacionalismo gallego en la Argentina", *Correo de Galicia*, 13-I-1924.

Villar Ponte, Antón (1923): "Dúas crases de galeguistas", *Terra*, nº 2.




1919 Ramiro Isla en Ferrol. Arquivo FIC



1923 Acto de constitución da ING en Bos Aires. Revista Terra 3



1925 Folleto da Institución Cultural Gallega. Protectora del Seminario de Estudios Gallegos. Bos Aires. Arquivo FIC



1927 Primeira carta en galego de Xaime Isla a Ramiro Isla. Arquivo FIC



Ramiro Isla Couto en 1986. Fotografía de Xan Carballa